

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

2023 - 2024

CENTRO:

CEIP AS MERCEDES

Presentada ao consello escolar: 17 de Outubro de 2023

Avaliada polo consello escolar: 17 de Outubro de 2023

Aprobada polo claustro nos aspectos docentes: 17 de Outubro de 2023

Remitida á inspección educativa: 18 de Outubro de 2023

ÍNDICE

1.-DATOS XERAIS

2.- LIÑAS PROGRAMÁTICAS

- A- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO
- B- OBXECTIVOS PREFERENTES DA PXA PARA O CURSO 2023/2024
- C- OBXECTIVOS CURRICULARES
- D- ACTIVIDADES PREVISTAS
- E- RECURSOS DISPOÑIBLES PARA ACADAR OS OBXECTIVOS PROPOSTOS

3.-ORDE DO 22 DE XULLO DE 1997. CAPÍTULO I _ APARTADO 3

- D.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO
- E.-MODIFICACIÓN DO PE, SE É O CASO

4.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: CURSO 2023-24

- A.- CALENDARIO DE REUNIÓN
- B.- PLAN PARA O APOIO Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE, ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN
- C.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN
- D.- PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE - CURSO 2023/24
- E.- HORARIOS PROFESORADO ESPECIALISTA
- F.- APOIO DO PROFESORADO DE ATENCIÓN PREFERENTE:
- G.- MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
- H.- HORARIOS PROFESORADO REFORZO EDUCATIVO:
- I.- HORARIO PROFESORADO CONVIVENCIA:
- J.- PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO
- K.- PLAN RECUPERA: PROA +
- L.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DENTRO DO PLAN DE ORIENTACIÓN

5- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA :

- 5.1- PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN S DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
- 5.2- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS
- 5.3.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO
- 5.4- HORARIO LECTIVO DO CENTRO
- 5.5 -HORARIO DO TEMPO DE LECER
- 5.6-QUENDAS DE PROFESORES ENCARGADOS DA VIXIANCIA DOS RECREOS
- 5.7-QUENDAS DE PROFESORES ENCARGADOS DA VIXIANCIA TRANSPORTE ESCOLAR
- 5.8-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓ NS DO CENTRO
- 5.9-HORARIO DE ATENCIÓ N AO PÚBLICO

6. ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓ N: O CONSELLO ESCOLAR

7.-PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

8.-PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

7.1- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CONCELLO

7.2-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO ANPA

9.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓ N

10.- PLAN DE ORGANIZACIÓ N E COORDINACIÓ N DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

11.-PLAN DE POTENCIACIÓ N E ORGANIZACIÓ N DA RELACIÓ N COAS FAMILIAS

10.1- REUNIÓ NS COLECTIVAS

10.2-ENTREVISTAS INDIVIDUAIS COAS FAMILIAS

12.-ORGANIZACIÓ N DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

13.-PARTICIPACIÓ N EN PROGRAMAS E PLANS

13.1 COORDINADORES

14.-PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓ N DO PROFESORADO:

15.-BIBLIOTECAS ESCOLARES

16.-TAREFAS EXTRAESCOLARES

17.-DECRETO 79/2010

17.1-ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

17.2-ACTIVIDADES A DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓ N DA LINGUA GALEGA

17.3-PLAN DE POTENCIACIÓ N PARA O FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA:

18.-LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

19.-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

20.-PLAN DE CONVIVENCIA

21.-PLAN DE IGUALDADE

1.-DATOS XERAIS DO CENTRO:

Tipo de centro..... COLEXIO PUBLICO

Denominación oficial..... CEIP AS MERCEDES

Código do centro..... 27006334

Provincia..... LUGO

Enderezo..... RUA MONTIRON Nº 28

Código Postal..... 27002

Teléfono..... 982 829203

Fax.....982 829206

N.I.F..... Q 7755265-A

Dirección de correo electrónico... ceip.dasmercedes@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdasmercedes/>

Número de unidades:

Número de unidades:	E. Inf.	E.Prim.	E.S.O.
Catalogadas	5	12	
Funcionando	4	12	

Curso 2023/2024

A Programación Xeral Anual é o punto de referencia de toda a actividade dun Colexio, é un documento que recolle as decisións que afectan á organización e funcionamento dun centro para un curso escolar. Tamén é unha síntese dos principais obxectivos, prioridades e sinais de identidade recollidos no Proxecto Educativo do Centro; o organigrama de funcionamento do mesmo; os principais obxectivos dos distintos ciclos e etapas; unha análise estatística do equipamento, das instalacións e das infraestruturas; a distribución e organización racional dos espazos do Centro (biblioteca, patios, aulas de recursos, etc.); a especificación dos horarios e dos criterios para fixalos; a relación das actividades extraescolares e complementarias; a atención ao alumnado com necesidades específicas; o Plan de Orientación, o Plan Lector, etc.

A avaliación da presente PXA-vencellante para todos os membros da Comunidade Educativa quedará reflectida na memoria de fin de curso. Tomando como referencia a avaliación do rendemento educativo nos seus múltiples aspectos, posibilitaremos todos aqueles reaxustes periódicos que sexan precisos para solventar as deficiencias que poidan xurdir.

O claustro está formado por 30 profesores, á matrícula total é de 357.

No que se refire ao alumnado NEAE e de reforzo, temos que salientar, coma en outras ocasións, que dende hai bastantes anos este Centro segue a contar cun importante número de alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Contamos con especialistas para atender a aqueles outros casos que precisan atención especializada, por outra banda o alumnado que necesita reforzo é atendido por outro profesorado do centro con horas dispoñibles do seu horario.

Noutra orde de cousas, destacaremos que o noso centro segue a contar cunha gran implicación do profesorado nos programas de innovación propostos desde a Consellería de Cultura, Educación e O.U. Destacamos o bo ambiente de traballo, a colaboración e cordialidade que caracteriza ao claustro do profesorado e persoal non docente.

Xunto a isto, temos que valorar tamén a boa disposición mostrada polos representantes dos pais/nais, tanto da ANPA coma dos membros pertencentes ó Consello Escolar en axudar en todo aquilo que se lles requira.

Na páxina web irase publicando toda a información relativa ao Centro para poñela a disposición de toda a comunidade educativa: calendario, horarios, actividades varias, claustro, consello, novas, formulários administrativos, publicacións DOG

2.-LIÑAS PROGRAMÁTICAS

A. Obxectivos xerais do centro

- Fomentar o desenvolvemento de valores como a liberdade, igualdade, responsabilidade, respecto. Neste senso, este ano continuaremos potenciando o tratamento dos temas transversais nas aulas, facendo especial fincapé no respecto ás persoas, ás instalacións do Centro e ao entorno.
- Fomentar a interrelación do Centro e a súa contorna.
- Atención á diversidade, con distintos ritmos de aprendizaxe, mediante as medidas que propoña o departamento de orientación e a comisión de coordinación pedagóxica.
- Promover e desenvolver o uso do galego como lingua cotiá na nosa comunidade.
- Promover o desenvolvemento do razonamento lóxico. Fronte á mera adquisición de coñecementos, potenciar as que o alumnado aprenda a pensar.
- Potenciar o desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado.

B. Obxectivos preferentes da PXA para o curso 2023/2024

- Desenvolver e impulsar no Centro as actividades do Plan de actividades Físicas e Hábitos Saudables así como do Plan de Lectura, coa coordinación dos Equipos responsables deles.
- Avanzar na utilización dos medios informáticos con que conta o centro, favorecendo actividades que se programan a tal fin, organizando o tempo e os espazos e desenvolvendo un plan de formación interno sobre Polos Creativos así como actividades formativas dentro do Plan Dixital encamiñadas ao uso e manexo das pantallas instaladas no centro educativo.
- Favorecer mediante o desenvolvemento de actividades de convivencia as interrelacións persoais entre todos os membros desta comunidade educativa.
- Considerar prioritaria a atención á diversidade por medio do Plan de Apoio aos/ás alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, ademais das actuacións dirixidas aos/ás alumnos/ás con Necesidades Educativas Especiais, concienciándonos da importancia que para a integración deste alumnado teñen as actitudes de todos e cada un de cantos nos relacionamos con eles.

C. Obxectivos curriculares

- Desenvolveremos os obxectivos curriculares contemplados na normativa vixente, tendo en conta ademais a filosofía emanada do Proxecto Educativo. Continuaremos neste curso desenvolvendo todas aquelas actividades tendentes a conseguir os referidos obxectivos, tendo en conta a lexislación vixente.
- Potenciación de actividades baseadas en coñecementos previos para conseguir aprendizaxes significativas.
- Practicar diariamente normas da aula e do centro: orde do material, conservación, limpeza da aula e dos exteriores, orde nas entradas e saídas, puntualidade...

D. Actividades previstas

- Facer reunións de ciclo e nivel para dinamizar o seu funcionamento e o traballo de forma conxunta.
- Seguir coa colaboración de todo o claustro de profesores e especialmente da xefa de estudos para a actualización constante da páxina WEB do centro.
- Atención aos alumnos de 4º e 5º do programa PROA+, mediante unha atención individualizada.
- Realización de murais, concursos, competicións lúdicas, conmemoracións destacadas, etc.
- Colaboración con organismos oficiais e privados para a adecuación dos espazos do centro, Escola de Artes e outros.
- Solicitar as obras respectivas, para a solución das deficiencias do colexio, ao Concello e máis a Delegación

E. Recursos dispoñibles para alcanzar os obxectivos propostos

- Favorece-lo traballo en equipo.
- Colaboración co CEFORE
- Fomenta-los xogos cooperativos non agresivos nas clases, na Hora de Moverse e nos recreos.
- Ensinar aos/ás alumnos/as a correcta utilización das distintas zonas de uso común: biblioteca, aula de inglés, aula de música, ximnasio, comedor, patios de recreo...
- Favorece-las actividades encamiñadas á participación democrática dos alumnos/as.
- Uso da Biblioteca como referente de ensinanza aprendizaxe.

3.-ORDE DO 22 DE XULLO DE 1997. CAPÍTULO I APARTADO 3

a. Concreción anual do proxecto educativo

- Dentro do plan de acción tutorial e de atención á diversidade, tratarase de dar resposta a diversidade do alumnado identificando necesidades educativas específicas , revisando e modificando segundo as necesidades as medidas de apoio do alumnado e asesorando ao profesorado.
- Dentro do Proxecto lingüístico considérase necesario seguir dirixindo os esforzos a todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa, artellando medios para que o emprego da lingua galega, tanto oral como escrita, e a lectura da mesma sexan máis efectivos.
- Este curso temos a idea de presentarnos ao Proxecto de mellora das Bibliotecas Escolares da Xunta (que xa tiñamos o curso anterior pero que non puido ser levado

a cabo) xa que consideramos que a biblioteca debe ser un elemento vertebrador do traballo do centro. Isto vai supoñer unha gran carga engadida de traballo. Co proxecto de Bibliotecas Escolares, temos a intención de dar un enfoque totalmente novo á biblioteca e facer da mesma un referente moi importante do centro dende o punto de vista pedagóxico.

- Dentro da educación dixital continuarase no centro co proxecto Abalar, nas 4 aulas de 5º e 6º de primaria; este curso debido ao pouco uso intentaremos dende o Plan Dixital usar os carros móbiles para fomentar o uso dos equipos informáticos que dispoñemos nas dúas Etapas educativas Infantil e Primaria.
- Dentro do Plan de Convivencia consideramos que a mesma é un obxectivo en si mesma sendo fundamental en todo o proceso educativo. Para elo tratarase de desenvolver nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e relación social, para conseguir que a convivencia non sexa unha mera aplicación de medidas disciplinarias.

En cursos pasados púxose en marcha no centro un aula de convivencia que será atendida por todo o profesorado de primaria do centro, e temos a intención de continuar con ela.

- Obter un rendemento axeitado das seccións bilingües en 3º e 4º na asignatura de Plástica, co fin de aumentar o nivel de inglés do alumnado.
Do mesmo xeito e dentro do programa de convenio, aproveitar que temos concedido para este curso unha auxiliar de conversa norteamericana, que nos axudará no obxectivo de aumentar o nivel de inglés do alumnado.
- Facer do programa PROA+ un elemento dinamizador do rendemento educativo dos alumnos maiores con dificultades académicas, e que este curso adicaremos aos alumnos de 4º e 5º de primaria co obxectivo de que absolutamente todos acaden uns obxectivos mínimos.
- Seguir negociando coa Administración e Concello e facendo melloras no centro de forma que o mesmo se converta nun lugar mais tecnolóxico, útil e agradable para traballar, a este respecto comentar que está solicitada a obra de adecuación dos baños do ximnasio e da zona de 5º e 6º de Primaria, así mesmo solicitaremos a renovación e adecuación dos baños de quinto e sexto.
- Actualización constante da páxina WEB do centro.

b. Modificación do PE, se é o caso
Non hai cambios e segue vixente

4.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: CURSO 2023-24

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

COMPOÑENTES

- D^a Montserrat Conesa Abadín (mestra PT)
- D^a María Luz Ramil Arias (mestra de AL)
- D^a Victoria Barreiro Díaz (mestra PT /Atención Preferente 2º)
- D^a Sofía Fernández Besteiro (mestra AL /Atención Preferente 2º)
- D^a Belén Rey Carballeira (Coord. Ed. Infantil)
- D^a María Ferreiro Pena (Coord. 1º Ciclo)
- D^a Estrella Fernández Abel (Coord. 2º Ciclo)
- D^a M^a Carmen Martínez Paz (Coord. 3º Ciclo)
- D^a Eva Álvarez García (Mestra PROA+)
- D^a Montserrat Recondo Burgo substituída por Jessica Sánchez Sánchez (Orientadora e Xefa do Departamento)

CALENDARIO DE REUNIÓN

No presente curso realizaremos reunións ordinarias con periodicidade mensual o 4º martes en sesión de tarde para a coordinación das actuacións encamiñadas á atención do ANEAE, así como todas as reunións extraordinarias que se consideren oportunas, previa convocatoria.

PLAN PARA O APOIO Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN

Seguiremos as liñas trazadas en cursos anteriores introducindo algunhas modificacións e tendo en conta:

- *A ORDE, do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, que establece que “a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensinanza, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de xeito autónomo, nunha sociedade democrática”.*
- A análise das necesidades específicas derivadas da situación actual, coa chegada de alumnado de orixe estranxeiro, etc.
- As propostas de mellora reflectidas nas últimas memorias do departamento, destacando como prioritarios os seguintes obxectivos:

○ OBXECTIVO XERAL:

Adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo

o alumnado, partindo da consideración da diversidade como un valor e aproveitando todas as potencialidades do alumnado para que todos se sintan plenamente incluídos e contén cos espazos de participación e desenvolvemento adecuados ás súas necesidades.

Obxectivos específicos:

- a. Tratar de garantir a accesibilidade de todo o alumnado escolarizado no centro, promovendo o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) para lograr a inclusión efectiva do alumnado, independentemente da súa diversidade.
- b. Revisar os procedementos, protocolos e medidas para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado, realizando modificacións ou, de ser preciso, elaborando outros novos.
- c. Colaborar na identificación, de forma temperá, das necesidades educativas do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.
- d. Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular
- e. Atender, na medida do posible, todas as demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos e informando a todas as persoas afectadas dos resultados das mesmas.
- f. Promover a participación das familias e a coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.
- g. Colaborar co equipo directivo e cos equipos docentes no control e o seguimento do absentismo.
- h. Promover a coordinación na transición entre etapas, ensinanzas ou centros docentes, trasladando aos centros de destino información cualitativa sobre as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado e colaborando co equipo directivo na realización de sesións informativas previas aos procesos de admisión do alumnado.
- i. Organizar o Plan de Atención á Diversidade tomando como punto de partida o recollido nos informes individualizados de final do curso pasado.
- j. Continuar traballando os obxectivos xa propostos en cursos anteriores relacionados coa integración plena de todo o alumnado, dando resposta educativa ao alumnado que presenta neae, tratando de asegurar o acceso aos recursos do alumnado máis desfavorecido.
- k. Priorizar o seguimento, apoio e reforzo específico ao alumnado de familias socioeconomicamente vulnerables, con necesidades educativas especiais ou dificultades de aprendizaxe.
- l. Establecer como principio prioritario a inclusión, de forma que os recursos e a metodoloxía utilizados polo centro sexan accesibles a todo o alumnado.
- m. Orientar ao profesorado en relación ao Plan de Acción Titorial, asesorando tamén ás familias e prestando especial atención a todo o relacionado coa Educación Emocional.
- n. Colaborar no fomento da igualdade de xénero e facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- o. Continuar traballando aspectos relacionados coa Educación Intercultural e a integración do alumnado procedente do estranxeiro.
- p. Colaborar cos distintos departamentos e equipos do Centro en todos os proxectos de innovación propostos; sobre todo, no que faga referencia á articulación de contidos transversais.

- q. Colaborar cos titores na realización das Adaptacións Curriculares que sexan necesarias, así como na elaboración das programacións para os alumnos e as alumnas que dispoñen de Reforzo educativo.
- r. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias do alumnado de nova incorporación, actualizar as realizadas con anterioridade e elaborar os informes que sexa preciso.
- s. Actualizar diversos materiais de avaliación psicopedagóxica (probos estandarizados) e material bibliográfico do Departamento, na medida en que sexa posible, e solicitar novos recursos tecnolóxicos ou de acceso (comunicadores, cadeira adaptada, etc.) para asignar ao alumnado de Atención Preferente.
- t. Colaborar na posta en funcionamento da Biblioteca Escolar como centro inclusivo das aprendizaxes escolares e como recurso educativo para as familias.
- u. Colaborar apoiando a actualización e formación do profesorado, sobre todo, nos aspectos relacionados coa atención ao alumnado con NEAE e co benestar emocional.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE	ALUMNOS	ASPECTO QUE DESENVOLVE	AXENTES DE REALIZACIÓN	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Reunións iniciais de principio de curso coas familias do alumnado que inicia unha Etapa Educativa.	- 4º de Educ. Infantil. - 1º de Educ. Primaria.	Orientación/Relación coas familias.	PROFESORADO/ ORIENTADORA/ FAMILIAS	Profesorado Familias Lexislación Folletos informativos.	Antes do comezo do curso. (11/09/2023)
Organización Plan Atención ANEAE	ANEAE Alumnado RE	Plan de atención alumnado NEAE	Dto. Orientación e Titores	Profesorado Horarios	1º/2º mes curso Revisións periódicas.
Avaliación psicopedagóxica individualizada. Detección dificultades de aprendizaxe	Alumnado que presenta dificultades. Alumnado de nova incorporación	Avaliación psicopedagóxica / Atención alumnado NEAE	ORIENTADORA TITORES	Datos Observación Entrevistas Probos estandarizados	1º Trimestre e ao longo do curso
Avaliación psicopedagóxica individualizada Seguimento alumnos con NEAE	Alumnos con NEAE	Avaliación psicopedagóxica / Atención alumnos NEAE	ORIENTADORA TITORES	Datos observación Entrevistas Probos estandarizados	Ao longo do curso
Avaliación grupal	1º CURSO	Avaliación psicopedagóxica	Orientadora	BADYG	1º TRIMESTRE
Avaliación grupal	2º-3º CURSO	Avaliación psicopedagóxica	Orientadora	BADYG	3º TRIMESTRE
Avaliación grupal	4º-5º CURSO	Avaliación psicopedagóxica	Orientadora	BADYG	2º TRIMESTRE
Avaliación do nivel de Comprensión Lectora	Todos os cursos. A requirimento do Prof./Tit.	Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe	TITORES ORIENTADORA	Probos ACL	AO LONGO DO CURSO

ACTIVIDADE	ALUMNOS	ASPECTO QUE DESENVOLVE	AXENTES DE REALIZACIÓN	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Colaboración na creación dun Banco de Recursos Dixital para atender á diversidade.	Toda a Comunidade educativa	Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe/ Atención á Diversidade.	Dto. Orientación Coord. Plan Dixital Titores	Páxinas Web educativas, sobre todo de Atención á Diversidade.	AO LONGO DO CURSO
Educación Intercultural	Toda a Comunidade educativa	Temas transversais /Relación coas familias	PROFESORADO/ ORIENTADORA/ FAMILIAS	Materiais aportados polas familias, recursos informáticos, materiais audiovisuais, materiais de plástica e fotografía, etc.	AO LONGO DE TODO O CURSO
Programa mellora Hábitos e Técnicas de Estudio	Todos os cursos. Segundo demanda	Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe	TITORES	Libros de texto e outros materiais.	Ao longo do curso
Actividades relacionadas coa Educación Emocional	Todos os cursos. Segundo demanda	Plan de Acción Titorial/ Temas transversais	TITORES / ORIENTADORA	Pautas, orientación sobre materiais e seguimento.	Segundo programación
Actividades sobre Educación afectiva e/ou sexual	Toda a Comunidade educativa	Plan de Acción Titorial/ Temas transversais	TITORES / ORIENTADORA/ AMPA/ ASOCIACIÓNS...	Profesionais externos, materiais de asociacións, etc.	Se procede a súa programación
Actividades de ciberseguridade, adición ás pantallas, ciberbullying, control parental, etc.	Toda a Comunidade educativa	Plan de Acción Titorial/ Temas transversais	TITORES / ORIENTADORA/ AMPA/ ASOCIACIÓNS...	Profesionais externos ao centro, materiais elaborados por asociacións, etc.	Se procede a súa programación
Actividades Escola de Familias	Toda a Comunidade educativa	Relación coas familias	ORIENTADORA/ AMPA/ ASOCIACIÓNS...	Materiais aportados para cada temática	Se procede a súa programación
Orientación ao alumnado sobre o cambio de Etapa Educativa	6º CURSO	Orientación académico-profesional	Titores 6º Orientadora Dto. Orientación IES adscrito	Folletos informativos Charlas con ex-alumnos Visitas ao Centro...	2º- 3º Trimestre
Entrevistas/ reunións de orientación coas familias	Todos	Relación coas familias	Titores Orientadora	Cuestionarios Entrevistas semiestruturadas	Ao longo do curso
Reunións Departamento de Orientación		Plan de Orientación, planificación, seguimento e avaliación.	Departamento de Orientación		Reunións Departamento de Orientación: Martes (tarde)

Plan de Atención a Diversidade - CURSO 2023/24

REFERENCIAS LEXISLATIVAS:

A Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación dispón que se entende por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

De conformidade co artigo 71.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, menciona que se entende por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Segundo o Decreto citado, o alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural é aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole. Así mesmo, segundo o Artigo 10, unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN:

Tendo en conta todo o anterior, así como o establecido no Plan Xeral para o Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe, Acción Titorial e Orientación no que se fai referencia ao contexto do Centro e ao PEC, á hora de organizar a atención á diversidade no noso Centro, teremos en conta os seguintes criterios:

- Organizar o Plan de Atención á Diversidade tomando como punto de partida o recollido nos informes individualizados de final do curso pasado, as avaliacións psicopedagóxicas grupais

(realizadas tamén o curso pasado) e as avaliacións iniciais realizadas no presente curso.

- Promover a adopción de medidas ordinarias de atención á diversidade baseadas no deseño universal para a aprendizaxe (DUA) como as seguintes:
 - *Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.*
 - *Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.*
 - *Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.*
 - *Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.*
 - *Aulas de atención educativa e convivencia.*
 - *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.*
 - *Programas de enriquecemento curricular.*
 - *Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.*
- Organizar os recursos dando prioridade ao alumnado de Atención Preferente e presenta NEE, pois precisan moita atención especializada e recursos de difícil xeneralización. Tratarase de organizar tamén os espazos do centro tendo en conta estas necesidades e solicitando á administración os recursos tecnolóxicos precisos para mellorar a súa inclusión, coordinando a actuación de todos os profesionais que, tanto dentro como fóra do Centro, atenden a este alumnado e colaborando na elaboración das adaptacións metodolóxicas e curriculares precisas.
- Dar prioridade aos alumnos que presentan necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade ou situacións desfavorecidas por factores sociais ou incorporación tardía, etc.
- Organizar, na medida do posible, un grupo de adquisición de linguas tendo en conta o alto número de alumnado que ven de incorporarse ao colexio con descoñecemento das linguas.
- Prestarase especial atención ao benestar emocional do alumnado.
- Procurar reducir, sempre que sexa posible, o número de persoas que atenden a un mesmo alumno/a.
- Prestar atención aos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe que precisan reforzo educativo segundo a orde de prioridade establecida no Plan de Orientación (prestar especial atención aos alumnos/as que xa permaneceron un ano máis nalgún curso e non acadan os obxectivos mínimos nas áreas instrumentais básicas).
- Á hora de organiza-los apoios, ademais das dificultades do alumnado, tamén se terá en conta a rateo profesor/alumno, dando prioridade aos grupos máis numerosos e aos cursos baixos.
- A distribución horaria será variable segundo a evolución dos alumnos/as e a dinámica do centro.
- A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- Os alumnos e alumnas suxeitos de reforzo educativo e que non puidesen recibir ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do propio profesorado titor ou de mestres/as do mesmo nivel ou ciclo cando se considere oportuno.

Este reforzo pode ser:

- Feito polo profesor-titor dentro da aula ordinaria introducindo as modificacións metodolóxicas precisas.
- Por parte do profesor-titor fóra da aula. Neste caso deberase comunicar ós pais e se procurará que as horas que saia da clase sexan distribuídas entre as distintas áreas.
- Apoio dentro ou fóra da aula por parte dun profesor do mesmo nivel/ciclo a alumnos de

reforzo educativo nas áreas e horas segundo o horario da clase, sempre que sexa preciso e a organización do Centro o permita.

Á hora de organizar os apoios teremos tamén en conta o seguinte:

- Prestar especial atención ao alumnado que inicia a etapa de Ed. Primaria, sobre todo, ao que presenta dificultades.
- Atender ao alumnado de 4º e 5º de Educación Primaria que precisa RE coa dotación dun mestre/a específico de reforzo con cargo ao programa Proa+, que ten como obxectivo lograr o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado que por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural non alcanzase os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente.
- Reforzar co profesorado con dispoñibilidade horario e organizar apoios ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou atraso curricular.

Recursos persoais do Departamento:

1 Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica con destino definitivo no Centro
1 Mestra especialista en Audición e Linguaxe con destino definitivo no Centro
1 Mestra de Pedagogía Terapéutica de Atención Preferente
1 Mestra de Audición e Linguaxe de Atención Preferente
1 Auxiliar Técnico Educativo (Coidadora)
1 Mestra de Reforzo con cargo ao programa Proa+ (xornada reducida en horario escolar)
Profesorado do Centro con dispoñibilidade horaria
1 Orientadora con destino definitivo no centro substituída por Jessica Sánchez Sánchez como interina

Medidas extraordinarias de Atención á Diversidade.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

1. A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe realizarán as seguintes funcións específicas:
 - a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
 - b) Prestar atención docente directa ao alumnado de nee, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
 - c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.
 - d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
 - e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
 - f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluíra no seu expediente

3. O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

